



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
REGISTRO XERAL

27. SET 01 03835

SAIDA

No curso académico 2000/2001 implantáronse na Universidade de Santiago de Compostela as Titulacións Propias de Segundo Ciclo: Graduado Superior en Enxeñería Ambiental e Graduado Superior en Xerontoloxía, aprobadas ó abeiro do artigo 28.3 da Lei de Reforma Universitaria. No presente curso 2001/2002 implántase a Titulación Propia de Graduado Superior en Tecnoloxía da Información e as Comunicaci3ns.

Aínda que a *Normativa Provisoria sobre Titulacións Propias* aprobada pola Xunta de Goberno da Universidade na sesi3n do 5 de maio do 2000 establece que a Xesti3n Académica das mesmas será similar á do resto das titulacións da USC, a singularidade que ofrecen estas titulacións na liquidaci3n dos prezos p3blicos, no propio procedemento de liquidaci3n ou na casuística que se da coas materias de libre elecci3n, obriga a regular de xeito singular estas situaci3ns polo que,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Materias de libre elecci3n. Os alumnos matriculados nas titulacións propias que teñan un título de Licenciado, Arquitecto ou Enxeñeiro, poderán solicitar que os créditos cursados no segundo ciclo destas titulacións sexan recoñecidos como de libre elecci3n na titulación propia na que están matriculados. As materias que se recoñezan para a libre elecci3n manterán a cualificaci3n obtida, xa fose outorgada nesta universidade ou noutra o igual que se establece para as titulacións oficiais.

SEGUNDO.- Tamén se poderán recoñecer como créditos de libre elecci3n as materias cursadas en exceso respecto do título que lle deu acceso á titulación de segundo ciclo.

TERCEIRO.- Os alumnos de titulacións propias poderán solicitar matricularse nas materias das diferentes titulacións oficiais que oferta a Universidade para a libre configuraci3n curricular ou daquelas materias específicas que ós efectos aprobe a Universidade.

CUARTO.- Validaci3n de materias. O igual que a libre elecci3n os alumnos poderán solicitar que as materias cursadas en titulacións oficiais poidan ser validadas polas da titulación propia na que están matriculados.

QUINTO.- As solicitudes de validaci3n e o recoñecemento de materias de libre elecci3n que soliciten os alumnos **deberán ser enviadas a Informe da Comisi3n Académica de cada Titulaci3n** para que determine se o contido e idéntico ou similar as materias propias da titulación no caso da libre elecci3n ou se o contido e carga lectiva é similar no caso das validaci3ns.

SEXTO.- Liquidaci3n de prezos p3blicos das validaci3ns. Nestas titulacións, no caso de validaci3ns, os alumnos **deberán liquidar o 25% do prezo** fixado no Decreto da Xunta de Galicia para cada crédito das titulacións experimentais.




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SÉTIMO.- No Caso da **liquidación de materias de libre elección** cando estas pertezan a titulacións oficiais terán o mesmo prezo e liquidaranse do mesmo xeito que establece o Decreto de prezos públicos da Xunta de Galicia. Para estes efectos as titulacións propias de Xerontoloxía, Enxeñería Ambiental e Tecnoloxía da Información e as Comunicaci3ns, consid3ranse titulaci3ns experimentais.

OITAVA.- A data l3mite para solicitar a anulaci3n de matr3cula con dereito a devoluci3n dos prezos aboados ser3 ata o 15 de novembro do ano que andamos. Entre o 15 de novembro e o 15 de decembro, os alumnos poder3n solicitar a anulaci3n de matr3cula sen dereito a devoluci3n de prezos p3blicos.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2001

O RECTOR



Dar3o Villanueva Prieto

SR. VICERRECTOR DE ORDENACI3N ACAD3MICA E TITULACI3NS - SR. SECRETARIO XERAL - SRS. DIRECTORES DAS TITULACI3NS DE ENXEÑER3A AMBIENTAL, XERONTOLOX3A E TECNOLOX3A DA INFORMACI3N E AS COMUNICACI3NS - SR. XEFE DA ASESOR3A XUR3DICA - SRA. XEFA DO SERVICIO DE ALUMNADO - SRS/AS XEFES DAS UNIDADES DE XESTI3N ACAD3MICA - SR. DIRECTOR DO SEIN - SR. DIRECTOR DO COIE.